



## **INICIATIVA ARCO 2020/21**

Resolución definitiva pola que se fai pública a relación de centros seleccionados, conforme o disposto no apartado noveno da Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21.

Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este proxecto é cofinanciado polo PO FSE Galicia 2014-2020. Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

Esta adxudicación supón a súa aceptación a ser incluído na listaxe pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luís Mira Lema



**Xacobeo 2021**

